

Os socialistas de Antas de Ulla reclaman a creación dun Consello da Cultura e Festividades que apoie as actividades organizadas polos numerosos colectivos existentes

O grupo municipal do PSOE levará unha moción ao vindeiro Pleno para adoptar o acordo da creación deste Consello cunha clara implicación do Concello e cunha vocación de participación social reflectida na intervención e colaboración dos representantes das distintas comisións de festas, dos colectivos sociais e culturais de Antas

Pilar García Porto indica que o obxectivo é que este sexa capaz de captar subvencións para manter a intensa actividade cultural e establecer así unha programación anual adecuada que responda aos intereses dos veciños e veciñas

Os socialistas denuncian “as escuras intencións do alcalde” ao facer coincidir a Festa dos Maiores coa campaña europea, parece que o seu único obxectivo é o de obter un beneficio electoral

ANTAS DE ULLA, 15 DE MAIO DE 2014.- Os socialistas de Antas de Ulla, presentarán no vindeiro Pleno do Concello unha moción para a creación dun Consello de Cultura e Festividades que apoie a enorme actividade cultural que están a realizar diferentes colectivos sociais e culturais do municipio.

A Voceira do PSOE, Pilar García Porto, explicou que coa creación deste consello municipal pretendemos que se apoie e potencie toda a actividade cultural de Antas para que non se perda como a Festa da Xuventude ou o festival da Asociación Cultural Fiadeira, así como a banda de música, que conta cunha escola municipal, o grupo de teatro ou a coral polifónica.

No municipio celébranse numerosas festas e romarías que acadan unha ampla participación e que os veciños preparan precisando de moito tempo para a recadación de cotas, a contratación das atraccións e coordinación das actividades, así como asumir unha responsabilidade económica sobre o importe das celebracións.

Ademais, non se pode esquecer a responsabilidade dos Concellos para velar polo patrimonio histórico-artístico e cultural dos seus territorios, do que sen lugar a dúbidas o extenso abano de celebracións, festas e romarías que se celebran son unha parte importante.

A proposta socialista é que ao longo do ano se sigan realizando as diferentes actividades culturais amparadas e coordinadas por un consello de cultura cunha clara implicación do Concello e cunha vocación de participación social reflectida na intervención e colaboración dos representantes das distintas comisións de festas, dos colectivos sociais e culturais. O obxectivo é que este ente sexa capaz de captar subvencións para manter a intensa actividade cultural do concello e establecer así unha programación anual adecuada que responda aos intereses dos veciños e veciñas e non aos intereses partidistas do alcalde.

Neste senso, os socialistas denuncian “as escuras intencións do alcalde” ao facer coincidir a Festa dos Maiores coa campaña electoral europea, parece que o seu único obxectivo é o de obter un beneficio no número de votos e non o de promover unha actividade da que poida disfrutar toda a cidadanía”. “Non queremos que os esforzos que están a realizar as asociacións se vexan desaproveitados nin soterrados por intereses partidistas”.